

ACTIVIDADES ABAU

1. Representa e describe a estrutura da molécula de auga. Indica 3 propiedades físico-químicas da auga e relaciónaas coas súas funcións biolóxicas. **Xuño 2010. Opción 2**
2. Respecto ao citoplasma celular, explique que é un medio hipotónico e un medio hipertónico. Cando se produce plasmólise e cando turxencia? Indique tres propiedades físico-químicas da auga e relaciónaas coas súas funcións biolóxicas. **Xuño 2011. Opción A**
3. Indique as formas en que se poden atopar os sales minerais nos seres vivos. Poña un exemplo indicando a súa función. Explique brevemente o significado dos seguintes termos: osmose, turxencia e plasmólise celular. **Xuño 2016. Opción A**
4. De que xeito se poden atopar as sales minerais nos seres vivos? Cales son as funcións biolóxicas das sales minerais nos organismos? A que se debe a natureza polar da auga? **Xuño 2019. Opción B**
5. En relación á figura 2: a) Identifique a substancia representada. b) Que enlace se establece entre ambas as moléculas? c) Enumere catro propiedades desta substancia. d) Enumere catro funcións realizadas por estas substancias nos seres vivos. . **Convocatoria extraordinaria 2020**



6. a) Explique en que consiste o denominado efecto tampón e o papel dos sales minerais no dito proceso. b) Explique a estrutura química da molécula de auga e cite catro propiedades da auga que se derivan dela. c) Explique brevemente o proceso de ósmose. **Convocatoria ordinaria 2022.**
7. PREGUNTA 1. A BASE MOLECULAR E FISÍCOQUÍMICA DA VIDA A) Faga un cadro que relacione catro propiedades da auga con catro das funcións que realiza nos seres vivos. B) Explique a relación que existe entre os sales minerais que se poden atopar nos seres vivos e as disolucións tampón ou amortecedoras e explique que pasaría se o medio interno dos organismos non fose unha disolución tampón. C) Explique as diferenzas entre bioelementos primarios, bioelementos secundarios e oligoelementos. Indique dous exemplos de cada un dos tres tipos de bioelementos. **Convocatoria extraordinaria 2023.**
8. PREGUNTA 1. A BASE MOLECULAR DA MATERIA VIVA 1.1. A) Que molécula está representada na figura 1? Explique a súa estrutura molecular. B) Cite dúas propiedades físicoquímicas desta estrutura. C) Cite dúas funcións, nos seres vivos, que se derivan das propiedades anteriores. D) Se o pH da disolución que forma o medio intracelular se volve moi básico, como se relaciona isto coa estrutura molecular da imaxe? 1.2. Nomee dúas vitaminas e indique, para cada unha delas, unha enfermidade que poidan previr. **Ordinarias 2024**




Figura 1